

SEMANA DO 14 Ó 17 DE ABRIL

As actividades que propoño esta semana son:


TODOS OS DÍAS ANTES DE FACER AS ACTIVIDADES:

- Traballar a data: día da semana, número de día, mes do ano e o número do ano.
Canciós en youtube: [Canción los días de la semana](#), [Los meses del año](#).
- Estación do ano: comezamos a primavera. Canción en youtube: [La primavera ya llegó - Rock infantil](#)
- Tempo que vai. Podemos recitar a poesía: [Ventá da clase, dime que día vai hoxe? Dime se o sol saíu ou a nube o tapou, se a choiva cae, cae, o vento sopra hoxe. Ventá dime xa, que día vai hoxe?](#)
- Sería importante que escribieran tamén a data.

MARTES: Debuxamos e escribimos.

Facemos un debuxo libre e escribimos o que representa o mesmo. Podemos deixar ós/ás nenos/as escribir sos e despois miramos xuntos que letras lle faltaron por poñer, cales acertou,etc..

MÉRCORES: Grafomotricidade.



Nunha bandexa con azucre ou sal realizamos trazos. Primeiro facemos os trazos en papel para que despois o/a neno/a os imite en azucre ou sal.

XOVES: Lóxica-matemática.

Propoño este xogo para a iniciación á suma. Nunha oveira, escribimos os números. Logo, tiramos unha boliña de papel, unha noz, etc.. , miramos no número que caeu, apuntámolo nun papel e facemos o mesmo con outra boliña, noz, etc.. Por último, sumamos os dous números. É importante que escriban o número xa que así estase traballando a grafía.



VENRES: Manualidades.

Como estamos en primavera, facemos bolboretas con rolos de papel hixiénico. Podemos utilizar calquera material do que dispoñamos na casa.



E coma sempre, todos os días lerei un conto!!

E por último, queremos convidarvos a que vos animedes e mandedes os vosos traballiños ós seguintes correos: mdavila@edu.xunta.es (clase 5 anos A) e rosario.ferreiro@edu.xunta.es (clase 5 anos B)

Moito ánimo!!! Marga e Rosario.